

# Proxecto EPÍSTOLA



## **Colección: Fondo: Luís Seoane depositado na Fundación Luís Seoane.**

**Ficha documental da epistola de Ramón Piñeiro, a Luís Seoane do 00/11/1976**

**Colección:**

**Data:** 00/11/1976

**De:**

Ramón Piñeiro;

**Para:**

Luís Seoane;

**Orixes:**

Santiago de Compostela (municipal), Santiago de Compostela (comarcal), A Coruña (provincial)

**Destino:**

Bos Aires (de cidade autónoma), Arxentina (nacional), América (continental)

**Ficha descriptiva:**

[Carta manuscrita]

**Localización física:**Fundación Luis Seoane

**Temáticas:**

*Unha ducia de galegos*; Artes; Literatura; Política;

**Mencionados:**

Rafael Squirru;



[VER O DOCUMENTO ORIXINAL](#)

---

## Transcrición da epistola de Ramón Piñeiro, a Luís Seoane do 00/11/1976

XI-1976

Querido Luis:

Recibín a tua carta e onte chegou o fermoso libro que che adicou Rafael Squirru. Dá xenio velo. Sería interesante un exemplar para a Fundación Penzol, porque é importante que estes libros figuren nas bibliotecas públicas do noso país. Desde logo, a nós prodúcenos, ademais da alegría amistosa, un verdadeiro goce espiritoal.

Por aquí, as cousas van indo cara adiante. Certo que con atrancos, que a maior parte das veces proceden da ultra-dereita e ás veces tamén da ultra-esquerda. Estes, de seu, móvense nunha dirección utópica, pero a súa acción violenta beneficia grandemente ao bunker. De todos os xeitos, a ultra-dereita ten perdida a partida –e de ahí os seus esforzos desesperados por estrangular o proceso aperturista–, porque o Rei necesita afianzarse como “Rei dos españois” en lugar de ser o “Rei posto por Franco”, a alta finanza e sectores importantes da economía queren entrar no Mercado Común e a presión europea é favorable á democratización, presión á que se suma, con moitas cautelas, a mesma U.S.A. Os bunqueriáns queren “arxentinizar” o ambiente político para provocar a dictadura militar –os seus berros sempre son: “¡Ejército al poder!”– como único medio de impedir a evolución democratizadora. Pero, hoxe por hoxe, e coido que cada día con máis firmeza, o Exército está na liña do Rei, así que respalda a apertura.

En Galicia, o ambiente está moi sensibilizado para as reivindicacións colectivas do noso pobo como tal. Nunca houbo tanto galeguismo. A actuación dos partidos é polo de agora demasiado doutrinaria e un tanto confusa –cousa inevitable despois de tantos anos de clandestinidade–, pero pouco a pouco, van madurecendo. Polo de pronto, conque se que a oposición incluía as liberdades autónomas de Cataluña, Euzkadi e Galicia nas súas bases de negociación co Goberno. O libro de Freixanes tivo un éxito grande. En dous meses, vendéronse dous mil exemplares. Coméntase moito e, en xeral, foi acollido con moita simpatía. No teu caso, son de lamentar esas inexactitudes de que me falas.

Nós publicaremos encantados no Grial ese teu traballo sobre os emigrantes cando o escribas.

Cando veñades, atoparedes esto bastante animado.

Apertas nosas para os dous

Ramón

---

## **Aviso legal do Consello da Cultura Galega**

*A difusión dixital deste epistolario e os seus contidos, textos e calquera creación intelectual existente nesta edición están protexidos pola lexislación en materia de propiedade intelectual.*

*De conformidade co previsto na Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, sobre protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, quen entenda que os contidos deste epistolario poidan supor unha intromisión ilexítima nos seus dereitos deberá poñelo en coñecemento do Consello da Cultura Galega a fin de adoptar, de ser o caso, as medidas oportunas.*

*O acceso e uso da edición dixital do Epistolario implica o coñecemento e plena aceptación destas condicións.*

### **Colección "Fondo Fundación Luís Seoane":**

*A difusión dixital deste epistolario realízase ao abeiro do convenio suscrito polo Consello da Cultura Galega e pola Fundación Luís Seoane con data 4 de decembro de 2008, polo que ambas as dúas institucións comparten a súa titularidade.*

*A Fundación Luís Seoane, como única depositaria do legado deste persoeiro galego, é a propietaria das cartas deste epistolario, que está integrado tanto pola correspondencia recibida por Luís Seoane como pola remitida por el a outros destinatarios.*

### **Consultas e colaboracións:**

Se posúes ou coñeces a existencia de fondos epistolares ou se consideras algunha suxestión sobre as cartas agradecemos a túa colaboración en [epistolarios@consellodacultura.gal](mailto:epistolarios@consellodacultura.gal) ou no teléfono 981957208.